

MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ORDINARIA celebrada o vinte e cinco de xuño de dous mil catorce, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

24/480 CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO NAS ESPECIALIDADES TÉCNICAS: SEGURIDADE NO TRABALLO, HIXIENE INDUSTRIAL, ERGONOMÍA E PSICOSOCIOLOXÍA APLICADA, ASÍ COMO DA VIXILANCIA DA SAÚDE. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Xefe de Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 13 de xuño de 2014 que, na súa parte expositiva, fai constar:

“ANTECEDENTES

- I. Prego de prescricións técnicas para a contratación dun servizo de prevención alleo nas especialidades técnicas: seguridade no traballo, hixiene industrial, ergonomía e psicosocioloxía aplicada, así como da vixilancia da saúde elaborado pola técnica superior de prevención de riscos laborais do Concello de Lugo o 16 de xaneiro de 2014 xunto co correspondente informe técnico que establece os criterios de valoración.
- II.- Certificación de consignación orzamentaria na aplicación 92009.22799, do 14 de abril de 2014 (RC. 24140/14)
- III- Prego de cláusulas administrativas que rexerán a contratación do servizo de referencia elaborado polo Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento do 29 de abril de 2014
- IV.- Informe de fiscalización favorable da Intervención Municipal do 13 de xuño de 2014 con observacións.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Real decreto 39/97, do 17 de xaneiro, sobre regulamentación dos servizos de prevención.

Código Seguro de verificación:RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	02/07/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==	PÁGINA 1/34



- Real decreto 486/97, do 14 de abril, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.
- Calquera outra disposición legal vixente que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira. Este contrato debe ser cualificado como un **contrato de servizos**, recollido e regulado no artigo 10 do TRLCSP que ten por obxecto dun servizo de prevención de riscos laborais nas especialidades técnicas (seguridade no traballo, hixiene industrial, ergonomía e psicosocioloxía aplicada) así como da vixilancia da saúde incluído nas categorías 12 e 25 do anexo II do TRLCSP

Segunda. O prego de condicións elaborado para disciplinar a licitación e o contrato recolle as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Contén, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto nos artigos 131 do TRLCSP e 67.6 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O procedemento de adxudicación elixido é o aberto, previsto e regulado polos artigos 138, 157 e seguintes do TRLCSP. Os criterios de valoración para a adxudicación do contrato recollidos na cláusula décimo segunda do prego respectan, a criterio deste servizo, os principios de obxectividade e proporcionalidade esixidos pola Lei sendo predominantemente criterios avaliábeis automaticamente.

Terceiro.- Á vista do informe da Intervención municipal no que se detecta unha incongruencia entre o criterio de valoración da oferta de presenza dun técnico superior en PRL e o modelo de oferta procede aclarar o concepto valorable.


Así mesmo, suxírese que se especifique que as melloras ofertadas, concretamente os programas informáticos, non supoñan gastos adicionais para o Concello.

En consecuencia, procede modificar o anterior informe proposta do 7 de maio de 2014 para aclarar estas cuestións.

Cuarto. En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente da contratación de referencia, de acordo co disposto na disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de contratos do sector público, á Xunta de Goberno Local correspóndenlle as contratacións e concesións, incluídas as de carácter plurianual."

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excmo. Sr. DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, Alcalde Presidente do Concello de Lugo (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilmo. Sr. DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Urbanismo e Medio Ambiente (GMS); Ilma. Sra. DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua (GMS); Ilmo. Sr. DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Infraestruturas e Medio Rural (GMS); Ilmo. Sr. DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Deportes (GMS); Ilma. Sra. DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA,

Código Seguro de verificación:RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	02/07/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==	PÁGINA 2/34
			
RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==			

Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Benestar Social e Igualdade (GMS), e o Ilmo. Sr. DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Servizos Xerais e Participación Cidadá (GMS), **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO NAS ESPECIALIDADES TÉCNICAS: SEGURIDADE NO TRABALLO, HIXIENE INDUSTRIAL, ERGONOMÍA E PSICOSOCIOLOXÍA APLICADA, ASÍ COMO DA VIXILANCIA DA SAÚDE.

SEGUNDO.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán na licitación dos traballos sinalados no parágrafo anterior que, elaborados polo Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, a continuación e literalmente se transcriben:

a) “PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ NA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO NAS ESPECIALIDADES TÉCNICAS: SEGURIDADE NO TRABALLO, HIXIENE INDUSTRIAL, ERGONOMÍA E PSICOSOCIOLOXÍA APLICADA, ASÍ COMO DA VIXILANCIA DA SAÚDE.

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONTRATO

É obxecto deste contrato a prestación dun servizo de prevención de riscos laborais nas especialidades técnicas (seguridade no traballo, hixiene industrial, ergonomía e psicosocioloxía aplicada) así como da vixilancia da saúde , segundo o prego de prescricións técnicas elaborado pola Técnica superior en prevención de riscos laborais do Concello de Lugo.

CNAE 2009: 86.90 Outras actividades sanitarias
 CPV: 71317200-5 Servizos de salud y seguridad
 71317210-8 Servizos de consultoría en salud y seguridad
 85100000-0 servizos de saúde
 85147000-1 Servizos de sanidade das empresas


SEGUNDA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO

Trátase dun contrato de servizos, recollido e regulado nos artigos 10 e 301 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) e que ten por obxecto a prestación dun servizo de prevención de riscos laborais nas especialidades técnicas (seguridade no traballo, hixiene industrial, ergonomía e psicosocioloxía aplicada) así como da vixilancia da saúde incluído nas categorías 12 e 25 do Anexo II do TRLCSP

Para a lexislación aplicable deberán terse en conta as seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Código Seguro de verificación:RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	02/07/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==	PÁGINA 3/34
 RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==			

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 14x320240480

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 25-6-2014

- Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei de contratos do sector público.
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Lei 31/1995, de 8 de novembro de prevención de riscos laborais (LPRL)
- Real Decreto 39/1997 de 17 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención
- Real Decreto 337/2010 de 19 de marzo polo que se modifica o RD 39/1997
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

O órgano de contratación, conforme o disposto no artigo 210 do TRLCSP e dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados nese texto legal e no resto da lexislación vixente, ten as prerrogativas de interpretar o contrato administrativo, resolver as dúbidas que presente o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acadar a súa resolución e determinar os efectos da mesma.

Expresamente faise constar que no caso de existir algunha discrepancia entre os pregos de prescricións técnicas e o previsto no presente prego de cláusulas administrativas, prevalecerá este último.

TERCEIRA. DURACIÓN DO CONTRATO

A duración do contrato será de DOUS ANOS contado a partires da acta de inicio de prestación do servizo que terá lugar no prazo de quince días contados a partires da formalización do contrato administrativo.

O contrato poderá prorrogarse por periodos máximos amuais outros DOUS ANOS, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, poida exceder de CATRO ANOS.

CUARTA. PREZO DO CONTRATO. VALOR ESTIMADO

4.1. O presuposto máximo anual é de 45.481,81 €, polo que sumado o 21 % de IVE (3.818,18 euros) resulta un presuposto total de 49.300 euros, IVE incluído conforme o seguinte desglose:

A- PRESUPOSTO MÁXIMO PARA PARTE TÉCNICA:**a.1.- PARA SERVIZO DE PREVENCIÓN:**


12.396,69 euros/ano máis o IVE (21%) – 2.603,31 €- resulta un prezo máximo anual de 15.000 € IVE incluído, todo esto sen perxuízo da redución que oferten os licitadores.

O prezo ofertado será aboado contra facturas mensuais.

a.2.- PARA PLANS DE EMERXENCIA E EVACUACIÓN , MANUAL DE AUTOPROTECCIÓN :

5.785,12 euros/ano máis o IVE (21%) – 1.214,88 €- resulta un prezo máximo anual de 7.000 € IVE incluído, todo esto sen perxuízo da redución que oferten os licitadores.

Código Seguro de verificación:RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	02/07/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==	PÁGINA 4/34
			
RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==			

O prezo ofertado será aboado contra facturas mensuais.

Presuposto máximo Parte Técnica:

18.181,81 máis o IVE 21% (3.818,18) . Total **22.000 € IVE incluído**

B- PRESUPUESTO MÁXIMO PARA VIXILANCIA DA SAÚDE

b.1.- PRIMEIROS AUXILIOS E CAMPAÑAS EPIDEMIOLÓXICAS. (711 traballadores) : **17 €** (exento de IVE) polo que aplicado a un total de 711 traballadores o orzamento máximo é de 12.087 €/ ano.

Os licitadores presentarán oferta sobre o prezo unitario (17 €) se ben o prezo do contrato para este servizo (primeiros auxilios e campañas) será o que resulte de aplicar o prezo ofertado á totalidade dos traballadores previstos (711) con independencia que este número aumente o diminúa.

O prezo total que resulte se dividirá en doce mensualidades.

b.2.- REVISIÓNS XERAIS, E APLICACIÓN DE PROTOCOLOS ESPECÍFICOS : **23 €** por traballador revisado (exento de IVE)

Tomando como referencia as solicitudes de anos pasados (500 traballadores) o gasto estimado sería 11.500 €/ ano.

Os licitadores presentarán oferta sobre o prezo unitario (23 €) e se aboará en función das revisións realizadas

b.3.- RECOÑECEMENTOS PRELABORAIS: **37 €** por traballador (exento de IVE)

Tomando como referencia 100 novos ingresos ó ano o gasto estimado de 3.700 €/ ano.

Os licitadores presentarán oferta sobre o prezo unitario (37 €) e se aboará en función dos recoñecementos realizados

En consecuencia, o presuposto máximo en vixilancia da saúde será:

12.087 € + 11.500 € + +3.700 € = 27.287 € / ano (exento de IVE)

Redondeando cifras **27.300 € / ano (exento IVE)**

4.2.- O valor estimado total do contrato tendo en conta as posibles prórrogas do contrato ascende á cantidade de 181.875,24 euros IVE excluído.

4.3.- Faise constar a existencia de consignación orzamentaria na aplicación orzamentaria 92009.22799 do vixente Orzamento (RC 24140/14)

QUINTA. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. CAPACIDADE DE LICITAR.

O presente contrato adxudicarase polo procedemento **aberto**, previsto e regulado polos artigos 138, 157 e seguintes do TRLCSP.

Están facultados para tomar parte na licitación e contratar con este Excmo. Concello as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estén incursas en prohibición de contratar, e acrediten reunir condicións de solvencia económica e técnica.

Ademais das condicións xerais esixidas pola Lei, a empresa adxudicataria deberá dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

Código Seguro de verificación:RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	02/07/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==	PÁGINA 5/34



Os empresarios deberán contar, asimesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, de ser o caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constituía o obxecto do contrato.

Poderán así mesmo, presentar proposicións as unións de empresarios que se constituán temporalmente de conformidade co artigo 59 do TRLCSP. Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación a que fan referencia as cláusulas seguintes, debendo indicar en documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que subscriban, a participación de cada un deles e a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato posuirá a plena representación ante a administración e que asumen o compromiso de constituírse en unión temporal de empresas. O citado documento deberá estar firmado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da Unión.

SEXTA. CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCEIRA E TÉCNICA. HABILITACIÓN EMPRESARIAL

6.1.- A xustificación da **solvencia económica e financeira** deberá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

- Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, se é o caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.
- Contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en rexistros oficiais poderán achegar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.
- Declaración sobre o volume global de negocios e, se é o caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ó obxecto deste contrato, referido como máximo ós tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou do inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias do dito volume de negocio.


Se por razóns xustificadas un empresario non pode facilitar as referencias solicitadas, poderá acreditar a súa solvencia económica e financeira por calquera outra documentación considerada como suficiente pola Administración.

6.2 A **solvencia técnica** deberá ser xustificada mediante a presentación dunha relación dos principais servizos ou traballos realizados similares ós obxecto deste contrato nos últimos tres anos que inclúa o importe, datas e o destinatario, público ou privado, deles.

Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público, ou cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este, ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ó órgano de contratación pola autoridade competente.

Asimesmo deberán as empresas licitadoras cumprir os requisitos esixidos no Real Decreto 39/1997 de 17 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento dos Servizos

Código Seguro de verificación:RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	02/07/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==	PÁGINA 6/34
			
RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==			

de Prevención e para o cal deberá acreditar contar con **autorización concedida pola autoridade laboral competente nas especialidades ou disciplinas preventivas de medicina do traballo, seguridade no traballo, hixiene industrial, e ergonomía e psicocioloxía aplicada.**

SÉTIMA. GARANTÍAS

De conformidade co artigo 103 do TRLCSP non resulta esixible a constitución de garantía provisional.

O licitador que presente a oferta economicamente máis ventaxosa estará obrigado a constituír unha garantía definitiva dun 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE, no prazo máximo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que recibese o requerimento a que se refire o artigo 151.2 do TRLCSP. De non cumprirse este requisito en prazo entenderase que o licitador retirou a súa oferta procedéndose neste caso a recabar a mesma documentación ó licitador seguinte pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

As garantías poderán prestarse nalgunha das formas sinaladas no artigo 96 do TRLCSP, esto é:

- En efectivo ou en valores de debeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas no TRLCSP e normas de desenvolvemento.
- Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento do TRLCSP, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberán depositarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.
- Mediante contrato de seguro de caución celebrado cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado de seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.

OITAVA. ANUNCIO DE LICITACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.

O Concello de Lugo publicará un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello (www.lugo.es)

O prazo de presentación de proposicións será de **quinze días naturais** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

NOVENA. PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS.

As empresas presentarán a súa proposición en tres sobres pechados, asinados polo proponente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento, nome do licitador, dirección, teléfono e fax, para os efectos de notificacións. Ditos sobres denominaranse coas letras A, DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA, letra B - PROPOSTA TÉCNICA SUXEITA A CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR e letra C- OFERTA ECONÓMICA E SUXEITA A CRITERIOS AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE.

Os sobres de que consta a proposición presentaranse, durante o prazo sinalado na cláusula oitava, antes sinalada, no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo, en

Código Seguro de verificación:RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	02/07/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==	PÁGINA 7/34



horario de 9 a 14 horas (de luns a venres) ou enviadas por correo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidirá en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, telegrama ou fax no mesmo día. Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

Faise constar expresamente a non admisibilidade de variantes ou alternativa nas proposicións por tratarse dun contrato cun obxecto perfectamente determinado.

DÉCIMA. DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA , PROPOSTA TÉCNICA E ECONÓMICA.

O sobre A - documentación administrativa- conterá, como mínimo, os seguintes documentos:

1.- Acreditativos da **personalidade e capacidade** do licitador, que serán:

a) Se se trata de empresario individual (persoa física), copia auténtica do DNI

b) Os restantes empresarios (persoas xurídicas):

-Escritura de constitución ou modificación se é o caso debidamente inscrita no seu correspondente rexistro mercantil cando este requisito fose esixible conforme á lexislación que lle sexa aplicable.

Se é o caso, mediante a presentación de escritura ou documento de constitución ou modificación dos estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos se é o caso, no correspondente Rexistro Oficial.

-Copia do DNI da persoa representante asinante da proposición.

2.- Acreditativos da **extensión das facultades do representante ou apoderado:**

Cando o licitador actúe mediante representante ou se trate dunha sociedade ou persoa xurídica deberá realizar o bastanteo do poder para o que presentará documento fidedigno acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar inscrito no Rexistro Mercantil.


O dito documento ou poder de representación deberá estar bastanteado por funcionarios/as do servizo municipal de contratación do Concello habilitados ó efecto con anterioridade ó remate do prazo establecido para a presentación da documentación e ofertas. A taxa por este bastanteo ascende a **10,20 euros**

Para proceder ó pagamento da taxa deberán seguirse as *instrucións para pagamento de gastos derivados da participación nos procedementos de contratación* que están a disposición dos interesados no perfil do contratante da páxina web municipal

3.- **Declaración responsable (conforme modelo Anexo III)** do licitador outorgada ante o Concello de Lugo, notario ou organismo profesional cualificado na que se faga constar **que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar co Concello de Lugo previstas no artigo 60 do TRLCSP e de que se**

Código Seguro de verificación:RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	02/07/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==	PÁGINA 8/34



RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==

atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén co Concello de Lugo- e de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes. Nesta declaración farase constar asimesmo que o licitador esta dado de alta no IAE no epígrafe correspondente ó obxecto do contrato non habendo causado baixa neste.

Non obstante, os licitadores deberán ter en conta que, no caso de ser seleccionados para ser adxudicatarios, deberán acreditar debidamente estas circunstancias no prazo e coas formalidades previstas na Lei e neste prego.

Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo económico europeo e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable ante unha autoridade xudicial.

O cumprimento das obrigas tributarias pode substituírse por certificacións expedidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria segundo se trate de tributos estatais e das obrigas de Seguridade Social mediante certificación expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

4.- Presentación da alta e, no seu caso, do derradeiro recibo do Imposto sobre Actividades Económicas completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do dito imposto.

Sen prexuízo da obriga de acreditar a alta no dito imposto, no suposto de atoparse nunha das exencións reguladas no artigo 82.1. do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, deberá xustificarse mediante unha resolución expresa da concesión da exención da Administración competente ou unha declaración responsable de ter unha cifra de negocios inferior a un millón de euros.


Os suxeitos pasivos aos que se refire o artigo 82.1.a), d), g) e h) do Real Decreto lexislativo 2/2004 non estarán obrigados a presentar declaración de alta na matrícula do imposto

Quedarán dispensados de presentar a documentación referida nos apartados anteriores os licitadores inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia agás para o cumprimento do requisito de atoparse ó corrente coas obrigas tributarias co Concello de Lugo por non ser de obrigada inscrición nos ditos Rexistros. **Para a acreditación deste requisito deberá achegar unha declaración responsable conforme o modelo do ANEXO II deste prego de cláusulas administrativas.**

A efectos desta dispensa os licitadores deberán achegar no sobre A o número de inscrición e incluír a correspondente certificación onde se reflicta a información a que se refiren os parágrafos anteriores. Esta dispensa terá validez sempre e cando a información que facilite o dito certificado estea vixente na data límite do prazo sinalado para a presentación de ofertas.

Conforme o establecido no artigo 146 do TRLCSP deberá achegar unha **declaración responsable (conforme modelo ANEXO II) no que se manifeste que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non**

Código Seguro de verificación:RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	02/07/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==	PÁGINA 9/34
 RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==			

experimentaron variación. A dita declaración reiterarase no caso de resultar seleccionado e no documento no que se formalice o contrato.

5.- Acreditación da **solvencia económica e financeira e solvencia técnica** polos medios indicados na cláusula sexta destes pregos de cláusulas administrativas

6.- **Autorización concedida pola autoridade laboral competente para poder actuar como servizo de prevención alleo e inscrición** no Rexistro correspondente.

7.- **No caso de que as propostas fosen presentadas por estranxeiros, ademais da anterior documentación, terán que aportar a seguinte:**

a) Os licitadores estranxeiros de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se sinalan no Anexo I do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

b) Os licitadores de estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo ademais de acredita-la súa capacidade para contratar e obrigarse conforme á lexislación do seu estado e a súa solvencia económica, financeira, deberán presentar os seguintes documentos:

- Informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España no lugar de domicilio da empresa no que se faga constar, previa demostración pola empresa, que figura inscrita no Rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local.

- Informe de reciprocidade da Misión Diplomática Permanente de España na que faga constar que o estado de procedencia da empresa admite pola súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma sustancialmente análoga. Exceptúase deste requisito os casos de cotrnatos suxeitos a regulación harmonizada en relación coas empresas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio (artigo 55 do TRLCSP)

En todo caso, as empresas estranxeiras deberán asinar unha declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera das cuestións litixiosas que puideran xurdir durante a formalización e execución do contrato.


Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que aportar traducidos de forma oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán.

Os documentos a que se refire esta cláusula poderán ser orixinais ou presentarse mediante copia autenticada por notario ou polo/a funcionario/a encargado/a do Rexistro deste Excmo. Concello

A inclusión errónea de documentación que deba estar incluída no sobre B ou C dentro do sobre A implicará automaticamente o rexeitamento da proposición.

O SOBRE B, PROPOSTA TÉCNICA SUXEITA A CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR conterá toda a documentación técnica necesaria para a valoración das proposicións presentadas de acordo cos criterios non valorables automaticamente que se indican na **apartado 12.2** da cláusula décimo

Código Seguro de verificación:RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	02/07/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==	PÁGINA 10/34
			
RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==			

segunda deste prego de cláusulas administrativas particulares, esto é, a proposta de melloras e de medios materiais dedicados ao contrato.

O sobre "B" non poderá conter información que permita coñecer a oferta económica dos licitadores ou determinar a puntuación que estes acadarían en base ós criterios do Sobre "C"

O incumprimento de esta condición, dará lugar a exclusión automática do procedemento de adxudicación.

O sobre C -OFERTA ECONÓMICA E SUXEITA A CRITERIOS AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE - conterà o seguinte modelo, debidamente cuberto.

Don, con domicilio en e DNI nº, expedido o, en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio (ou en representación de, con DNI ou CIF nº,), fai constar:

a) Que solicita tomar parte no procedemento convocado para a contratación do **SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO NAS ESPECIALIDADES TÉCNICAS (SEGURIDADE NO TRABALLO, HIXIENE INDUSTRIAL, ERGONOMÍA E PSICOSOCIOLOXÍA APLICADA), ASI COMO DA VIXILANCIA DA SAÚDE 2014**

b) **Oferta os seguintes prezos:**

- PREZO PARA SERVIZO DE PREVENCIÓN PARTE TÉCNICA:€ anuais máis (21% IVE) resultando un total de..... euros/ano IVE incluído

- PREZO PLANS DE EMERXENCIA E EVACUACIÓN , MANUAL DE AUTOPROTECCIÓN :

.....€ anuais máis (21% IVE) resultando un total de..... euros/ano IVE incluído

Total parte técnica: € máis o IVE 21% (.. €). Total: € IVE incluído

- PREZO PARA VIXILANCIA DA SAÚDE:

- Primeiros Auxilios e campañas epidemiolóxicas:€ por traballador (exento IVE)

- Revisións Xerais, e aplicación de protocolos específicos € por traballador revisado (exento IVE)

- Recoñecementos prelaborais:.....€ por traballador (exento IVE)

c) Oferta de **disponibilidade de presenza física e diaria dun técnico superior en PRL** nomeado para desenvolver o obxecto do contrato de **horas diarias a maiores** das mínimas de dúas horas diarias de dedicación e dispoñibilidade esixidos.

d) Oferta (indicar número) **UBS a maiores** da mínima esixida

e) Oferta (indicar número) **licenciados en medicina e cirurxía e outras especialidades a maiores** do mínimo esixido

f) Oferta (indicar número) **diplomados na rama sanitaria a maiores dos mínimos esixidos.**

Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares e das condicións técnicas, como licitador e como adxudicatario, no seu caso.

g) Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

(Lugar, data e sinatura)

O licitador poderá acompañar á súa oferta canta documentación complementaria estime conveniente para a mellor comprensión e xustificación da mesma.

Código Seguro de verificación:RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	02/07/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==	PÁGINA 11/34



DÉCIMO PRIMEIRA. MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DAS PROPOSICIÓN.

De conformidade co previsto no artigo 320 do TRLCSP a Mesa de Contratación estará integrada por:

PRESIDENTE: Sra Concelleira Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educacion

VOCAIS:

- O concelleiro delegado de Urbanismo.
- Un Concelleiro de cada un dos grupos políticos que forman a Corporación
- Interventor xeral ou funcionario/a que o substitúa.
- A titular da asesoría xurídica do Concello ou funcionario/a que a substitúa.

SECRETARIO: O xefe do servizo de contratación ou funcionario/a que o substitúa.

O acto público de apertura dos sobres B (proposta técnica suxeita a criterios avaliábles mediante xuízo de valor) celebrarase ó segundo día natural contado a partires do remate do prazo de presentación de proposicións, procedéndose previamente á apertura e cualificación da documentación administrativa (sobre A). Se dito día coincidise en sábado ou festivo, a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

Posteriormente, e tras a valoración da documentación contida no sobre B e a proposta de puntuación obtida polos licitadores, convocarase a estes para o acto público de apertura de ofertas económicas (sobre C), tralo cal se producirá a valoración final e realización da proposta de adjudicación por parte da mesa de contratación.

No caso de que a apertura do sobre B se realice en día distinto ó sinalado así como nos casos de celebración pola Mesa de Contratación de sesións que deban realizarse en acto público, os licitadores serán convocados mediante inserción da convocatoria no perfil do contratante do Concello de Lugo cunha antelación mínima de 48 horas respecto á data da celebración da sesión.

DÉCIMO SEGUNDA. CRITERIOS DE VALORACIÓN.

Os **criterios para a valoración** das proposicións e a determinación da oferta economicamente mais vantaxosa serán os seguintes, os cales se sinalan por orde decrecente de importancia e ponderación:


12.1.- CRITERIOS AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE

12.1.1. OFERTA ECONÓMICA (Ata 4 puntos)

Obterá a máxima puntuación neste apartado (4 puntos) a oferta economicamente mais vantaxosa para o Concello. Obterán 0 puntos as proposicións de empresas que oferten o prezo de licitación para cada apartado e as restantes valoraranse de xeito proporcional, todo esto conforme ós seguintes subcriterios:

a) Menor prezo ofertado para a parte técnica (ata 2 puntos)

Código Seguro de verificación:RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	02/07/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==	PÁGINA 12/34
			
RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==			

Obterá a máxima puntuación neste apartado (2 puntos) a oferta máis baixa. Obterán 0 puntos as proposicións de empresas que oferten o prezo de licitación establecido para a totalidade da parte técnica (22.000 euros) e as restantes valoraranse de xeito proporcional,

As ofertas para esta parte técnica non poderán superar os prezos máximos establecidos para o servizo de prevención (15.000 euros) nin o fixado para os plans de emerxencia e evacuación , manual de autoprotección (7.000 euros)

b) Menor prezo ofertado para a vixilancia da saúde co seguinte desglose (ata 2 puntos)

b.1.- Primeiros Auxilios e campañas epidemiolóxicas (ata 0,60 puntos)

Obterá a máxima puntuación neste apartado (0,60 puntos) a oferta máis baixa. Obterán 0 puntos as proposicións de empresas que oferten o prezo de licitación (17 euros exento IVE) e as restantes valoraranse de xeito proporcional

b.2.- Revisións Xerais, e aplicación de protocolos específicos (ata 0,70 puntos)

Obterá a máxima puntuación neste apartado (0,70 punto) a oferta máis baixa. Obterán 0 puntos as proposicións de empresas que oferten o prezo de licitación (23 euros exento IVE) e as restantes valoraranse de xeito proporcional

b.3.- Recoñecementos prelaborais (ata 0,70 puntos)

Obterá a máxima puntuación neste apartado (0,70 punto) a oferta máis baixa. Obterán 0 puntos as proposicións de empresas que oferten o prezo de licitación (37 euros exento IVE) e as restantes valoraranse de xeito proporcional

12.1.2. EQUIPO DE PROFESIONAIS ADSCRITO Á EXECUCIÓN DO CONTRATO : Ata 2 puntos desglosado como segue:

a) Equipo de profesionais para a parte técnica (Ata 1 punto)

No prego de prescricións técnicas nomease os recursos mínimos en relación ao persoal que serían:

2 Técnicos/as Superiores en Seguridade do Traballo

2 Técnicos/as Superiores en Hixiene Industrial

1 Técnico/a Superior en Ergonomía e Psicosocioloxía

A partir destes mínimos, valorarase neste apartado a dedicación e dispoñibilidade de presenza física no Concello de Lugo dun Técnico/a Superior en Prevención de Riscos Laborais (de entre os enumerados anteriormente ou a maiores) nomeado para desenvolver o obxecto do contrato, **sendo dúas horas de xornada laboral as mínimas e obrigatorias.**

Deste modo, a puntuación asignarase en función das horas diarias de dispoñibilidade de presenza física (de luns a venres), obtendo a máxima puntuación (1 punto) os que oferten maior dedicación diaria deste técnico, 0 puntos os que non oferten dedicación horaria a maiores das dúas horas diarias que son as mínima esixidas e as demais de modo proporcional.

b) Equipo de profesionais para a parte sanitaria (Ata 1 punto)

Na oferta da Vixilancia da Saúde indícase como recursos mínimos os seguintes:

1 Licenciado/a en Medicina especialista en traballo

2 DUE especialistas en traballo

Centro propio acreditado no Concello de Lugo



Estes recursos mínimos puntuase con 0 puntos.

A partir destes mínimos, valorarase os seguintes aspectos:

UBS 0,5 punto máximo

Licenciados/as en Medicina e Ciruxía e outras especialidades , 0. 40 puntos máximo

Diplomados/as na rama sanitaria , 0.10 puntos máximo

Os que oferten maior número de UBS, licenciados en medicina e cirurxía e outras especialidades e diplomados na rama sanitaria obterán a máxima puntuación prevista para cada apartado. Os que non realicen oferta nestes apartados obterán 0 puntos e as demais de xeito proporcional en función do número ofertado

12.2.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR

12.2.1. MELLORAS OFERTADAS POLOS LICITADORES (Ata 3 puntos) co desglose que se indica:

As melloras estarán en todo caso directamente relacionadas co obxecto do contrato, e poderán vir referidas en aspectos tales como:

-ASPECTOS TÉCNICOS : Ata un máximo de 1,5 punto

-Programa informático para o desenvolvemento da xestión do Servizo de Prevención de Riscos.

-Programa informático para avaliacións específicas relacionadas co Servizo de Prevención nas súas distintas especialidades.

-ASPECTOS MATERIAIS: Ata un máximo de 1,5 punto

Todos os aspectos materiais que redunden nunha mellor prestación do Servizo.

Tódalas melloras ofertadas deberán presentarse debidamente detalladas e valoradas economicamente polos licitadores, reservándose o Concello tanto a súa toma en consideración como a revisión da súa valoración. No caso de prestar melloras non valoradas economicamente, non serán tomadas en consideración á hora de realizar a avaliación da puntuación.

As melloras ofertadas non poderán supoñer un gasto adicional para o Concello de Lugo de mantemento, implementación ou actualización.

Obterá a maior puntuación neste apartado a oferta que conteña as melloras máis vantaxosas desde o punto de vista do contido material e económico para o Concello de Lugo. Obterán 0 puntos as empresas que non presenten melloras todo elo conforme a valoración realizada por un técnico municipal competente.

12.2.2.- MEDIOS MATERIAIS ADSCRITOS Á EXECUCIÓN DO CONTRATO (ata 1 punto)

Valoraranse neste apartado os medios materiais postos pola empresa a disposición do Concello para a execución do contrato, distinguindo:


- Instalacións (metros cadrados, dotación materiais): 0,7 puntos

Valorarase neste apartado a mellor idoneidade das instalacións tanto en amplitude como en dotación de medios e equipamento.

- Proximidade ás dependencias do Edificio Administrativo do Concello (por ser o que alberga mais número de traballadores municipais): 0,3 puntos

Código Seguro de verificación:RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	02/07/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==	PÁGINA 14/34


RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==

Valorarase neste apartado a maior proximidade ás dependencias municipais sitas en Ronda da Muralla 197.

DÉCIMO TERCEIRA. ADJUDICACIÓN

A adjudicación do contrato será realizada polo órgano competente, a proposta da mesa de contratación. Unha vez seleccionada a oferta economicamente máis vantaxosa segundo os criterios de adjudicación establecidos neste prego, requirirase ao licitador que presentase esta oferta para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que recibira o requirimento, presente a documentación acreditativa de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social e de ter constituída a garantía definitiva que sexa procedente.

De non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas.

O órgano de contratación adjudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

Unha vez acordada a adjudicación do contrato, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante

Na notificación así como no perfil do contratante indicarse o prazo en que debe procederse á formalización do contrato

DÉCIMO CUARTA. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro do prazo máximo de quince días hábiles a contar dende o seguinte ó da notificación da adjudicación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

No caso de que o contrato fora adjudicado a unha agrupación de empresas, deberán estas acreditar a constitución da mesma, en escritura pública, dentro do prazo outorgado para a formalización do contrato.

Cando por causas imputables ó contratista non se puidese formalizar o contrato dentro do prazo sinalado, o Concello poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, se é o caso houbera existido.

Previamente á formalización do contrato o adjudicatario deberá achegar o xustificante de aboamento dos gastos dos anuncios e do importe dos impostos, dereitos, taxas, prezos públicos e demais que orixine a licitación e formalización do contrato.

DÉCIMO QUINTA. EXECUCIÓN DO CONTRATO.

1. Os traballos executarase con estricte suxeición ás cláusulas estipuladas neste prego e no prego de prescricións técnicas aprobado polo Concello e conforme as instrucións que, en interpretación técnica deste dera ó contratista o responsable do

Código Seguro de verificación:RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	02/07/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==	PÁGINA 15/34



contrato (A técnica superior de prevención de riscos laborais do Concello), o cal terá as facultades sinaladas no artigo 52 do TRLCSP

Cando as instrucións foran de carácter verbal deberán ser ratificadas por escrito, o máis axiña posible, para que sexan vinculantes ás partes.

O responsable municipal do contrato velará pola axeitada xestión contractual de modo que na súa execución non se dean situacións que poidan propiciar a existencia dunha cesión ilegal de traballadores.

En concreto velará porque:

- O contratista achegue a súa propia dirección e xestión ao contrato e sexa responsable da organización do servizo
- O contratista a través dos seus delegados se responsabilice de impartir ós traballadores adscritos a es te contrato as correspondentes ordes, criterios de realización do traballo e directrices de modo que o Concello de Lugo sexa alleo a estas relacións laborais
- O contratista canalice a través dos seus delegados as posibles incidencias de cara a prestar adecuadamente o servizo.

O responsable municipal do contrato deberá corrixir inmediatamente calquera incidencia ou desviación na execución que poida supoñer infracción das anteditas regras proponendo se é o caso o oportuno expediente sancionados ou de resolución do contrato.

2. Se durante o desenvolvemento dos traballos se detectase a conveniencia ou necesidade da súa modificación ou a realización de actuacións non contratadas, actuarase na forma prevista nos artigos 105 e seguintes do TRLCSP.

3. Os dereitos e obrigacións dimanantes do contrato poderán ser cedidos a un terceiro sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 226 do TRLCSP e que as calidades técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante da adxudicación do contrato.


4. Faise constar expresamente que a contratación polo adxudicatario da realización parcial do contrato con terceiros estará suxeita ós requisitos establecidos no artigo 227, así como o pagamento a subcontratistas e subministradores deberá axustarse ó disposto no artigo 228 do TRLCSP

5.- O contratista achega a súa propia dirección e xestión ao contrato sendo responsable da organización do servizo, da calidade técnica dos traballos que desenvolve a das prestacións e servizos realizados.

A empresa contratista asume a obriga de exercer de modo real, efectivo e continuo sobre o seu persoal encargado da execución do contrato o poder de dirección inherente a todo empresario e disporá dunha estrutura xerarquizada que se fará responsable de impartir aos seus traballadores as correspondentes ordes, criterios e directrices de realización de traballo.

A empresa contratista **designará un delegado** que se encargará da dirección e organización da actividade dos traballadores da empresa adscritos á execución deste contrato así como do control da vixianza do horario e xornada de traballo deles correspondéndolle á empresa a concesión de licenzas, vacacións, permisos e substitucións do persoal así como calquera outra manifestación das facultades do

Código Seguro de verificación:RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	02/07/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==	PÁGINA 16/34
			
RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==			

empregador sendo o Concello de Lugo de todo alleo a estas relacións laborais. En todo caso o servizo quedará sempre convenientemente cuberto.

Corresponde exclusivamente a este delegado relacionarse co responsable municipal do contrato a efectos de coordinación e seguemento do contrato. A través deste delegado canalizaranse as posibles incidencias que se detecten por parte do responsable municipal.

A empresa contratista velará porque os traballadores adscritos á execución do contrato desenvolvan a súa actividade sen extralimitarse das funcións delimitadas nos pregos e porque non se produzan situacións tendentes a producir unha cesión ilegal de traballadores. Neste senso darán cumprimento estricto ás instrucións e ordes dadas polos responsables municipais para evitar esta situación dando lugar á comisión de infracción grave a súa desobediencia .

É responsabilidade da empresa facilitar aos seus traballadores tódolos medios materiais necesarios para levar a cabo o seu traballo.

DÉCIMO SEXTA. GASTOS

Os gastos derivados da contratación e da formalización do contrato, incluíndose anuncios de licitación e taxas (600 euros aproximadamente), serán por conta do contratista adxudicatario.

Encontrarase, así mesmo, obrigado ó pagamento de tódolos xéneros de tributos estatais, locais e autonómicos e a solicitar a concesión das autorizacións e licencias que lle fosen necesarias das administracións ou organismos públicos ou privados, sendo da súa conta as xestións e gastos que se ocasionen.

DÉCIMO SETIMA. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS. CONDICION ESPECIAL DE EXECUCIÓN.

16.1.- O contratista está obrigado a cumprir as obrigas impostas nas disposicións vixentes en materia laboral en particular o pagamento dos salarios e cotizacións a que veña obrigado, así como a cumprir as obrigas en materia de seguridade social e de seguridade e Hixiene no traballo impostas nas disposicións vixentes. As obrigas establecidas neste parágrafo configúranse como **condicións especiais de execución ás que se lles atribúe carácter de obrigas contractuais esenciais de conformidade co artigo 118 cuxo incumprimento poderá dar lugar á resolución do contrato ou á imposición de penalidades.**

Para o cumprimento desta obriga a empresa contratista deberá manter actualizado en todo momento ó longo da vida do contrato os correspondentes certificados de atoparse ó corrente coa Seguridade Social e coa Administración Tributaria estatal que se presentarán, cando sexa procedente, xunto coas correspondentes facturas para a súa tramitación polo responsable do contrato.

Asimesmo poderá esixirse calquera documentación que o Concello estime oportuna para a comprobación do cumprimento das obrigas laborais e demais sinaladas.

A autorización para acceder ós datos de carácter persoal que consten na Seguridade Social así como na Axencia Estatal da Administración Tributaria-que se achegará polo contratista previamente á formalización do contrato- no excusará da obriga de presentar os certificados anteriormente sinalados

Código Seguro de verificación:RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	02/07/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==	PÁGINA 17/34



RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 14x320240480

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 25-6-2014

16.2.-Para o cumprimento da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, a empresa deberá de achegarlle ó Gabinete de Prevención de Riscos Laborais do Concello con carácter previo ó inicio da prestación de que se trate a seguinte documentación:

1.- Xustificación da modalidade de desenvolvemento da actividade preventiva na empresa.

a) No suposto de que esta concertara un servizo de prevención alleo, deberá presentar certificación del, comprensiva das especialidades concertadas e vixencia do concerto.

b) No suposto de que sexa membro dun servizo mancomunado, deberá presenta-la acta da súa constitución.

c) Se existe un traballador designado, haberá de indicarse o seu nome, así como a súa aceptación.

2.- Certificación de que a avaliación e plan de acción están feitas ou en procedemento, así como acreditar que foi realizada a información e formación dos traballadores, ou ben que se está realizando.

3.- No caso de que a empresa contratista subcontrate todos ou parte dos traballos con outras empresas, estas deberán de achegarlle a documentación esixida ó contratista principal, e este será responsable en caso de non levarlos a cabo.

4.- En todo caso o Concello, en calquera momento durante o prazo de vixencia do contrato, poderá solicitar da empresa contratista ou subcontratista os requisitos legalmente establecidos na lexislación de prevención de riscos laborais.

5.- No caso de non achegar a dita documentación, non poderá realizarse a contratación. E no mantemento de tales requisitos durante o prazo de vixencia do contrato dará lugar á súa rescisión sen que iso xere ningún tipo de indemnización a favor da empresa.

Xúntase anexo ó presente prego para que sexa cuberto pola empresa e enviado ó Concello.

O incumprimento destas obrigas por parte do contratista ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por el non implicará responsabilidade ningunha para a Administración contratante.


DÉCIMO OITAVA. RESPONSABILIDADE DO ADXUDICATARIO E OBRIGAS ESPECIAIS

O adxudicatario asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte ó Excmo. Concello de Lugo, axustándose estritamente ó presente prego, ás condicións técnicas particulares e demais aspectos contractuais, así como o previsto na LCSP en relación coa subcontratación de calquera tipo de servizos, obras ou actividades propias desta.

O persoal propio da empresa adxudicataria non terá vinculación laboral, administrativa nin de calquera outra modalidade co Excmo. Concello de Lugo.

Para os efectos da responsabilidade que puidese derivarse para o adxudicatario por danos fronte a terceiros, por causa imputable á empresa ou a calquera dos seus elementos adscritos ó contrato, presentárase, previamente á formalización do

Código Seguro de verificación:RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	02/07/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==	PÁGINA 18/34
			
RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==			

contrato administrativo, seguro de responsabilidade civil para a cobertura dos riscos que puidesen derivarse da relación contractual co Excmo. Concello de Lugo. Malia o anterior, o contratista non será responsable dos danos e perdas ocasionados cando sexan consecuencia dunha orde directa da Administración.

O contratista adxudicatario estará obrigado a gardar sixilo sobre o contido do contrato e a non facer uso dos datos que coñeza ou dos que dispoña, para outras finalidades que o obxecto da contratación.

DÉCIMO NOVENA. PAGAMENTO.

O pagamento efectuarase contra facturas mensuais no caso da parte técnica (servizo de prevención e plans de emerxencia e evacuación e manual de autoprotección) e no caso dos primeiros auxilios e campañas epidemiolóxicas e para o resto dos servizos de vixilancia da saúde (revisións xerais e recoñecementos prelaborais) de forma periódica unha vez prestados os correspondentes servizos. As ditas facturas serán conformadas pola responsable do contrato, polo Excmo. Alcalde ou concelleiro en que delegue e maila Concelleira delegada da Área de economía, emprendemento, autónomos e educación.

Para proceder ó pagamento das facturas correspondentes estas deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Lugo no prazo máximo de trinta días dende a realización do servizo.

AS facturas deberán ser conformadas polo responsable municipal e concelleiros responsables e aprobadas. Unha vez aprobadas polo órgano competente serán abonadas no prazo máximo de trinta días.

O órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública é o órgano de xestión económico- financeiro do Concello de Lugo é a Tesourería Municipal.

VIXÉSIMA.- PENALIDADES

Impoñeranse penalidades ó contratista cando incurra nalguna das causas previstas a continuación:

a) **Por incumprimento das condicións especiais de execución.** O incumprimento das condicións especiais de execución establecidas na **cláusula décimo sétima que se configuran como obrigas contractuais esenciais** poderá dar lugar á imposición de penalidades cando esta medida alternativa á resolución do contrato contribúe a satisfacer en maior medida o interese público ou de protección dos traballadores permitindo a continuación da execución do contrato.

Como regra xeral, a contía da penalidade será do 1% do importe de adxudicación do contrato (IVE incluído) para a primeira anualidade, agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuio caso poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento ou desobediencia ás instrucións poderá terse en conta para avaliar a gravidade.

O cumprimento polo adxudicatario das condicións especiais de execución poderá verificarse polo órgano de contratación en calquera momento durante a execución do contrato e, en todo caso, comprobarase ó tempo da terminación do contrato.

Código Seguro de verificación:RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	02/07/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==	PÁGINA 19/34



RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==

b) Por incumprimentos contractuais ou cumprimento defectuoso.

Poderánse impoñer asimesmo penalidades pola reiterada obstrucción ou falla de colaboración para facer efectivas as facultades de dirección, inspección e supervisión recoñecidas a esta Administración previamente advertidas por escrito. Como regra xeral, a contía destas penalidades será un 1% do importe de adjudicación do contrato (IVE incluído), agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuio caso poderán acadar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade. En todo caso, a imposición das penalidades non eximirá ó contratista da obriga que legalmente lle incumbe en canto á reparación dos defectos. As penalidades faranse efectivas mediante deducción das cantidades que deban aboarse ó contratista ou sobre a garantía definitiva cando non podan deducirse das facturas correspondentes.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- EXTINCIÓN DO CONTRATO.

Ademais de polo seu cumprimento, o contrato poderá extinguirse polas causas previstas no artigo 223 e 308, así como polo incumprimento por parte do adjudicatario das obrigas sinaladas nas condicións de execución do contrato establecido no prego de prescripcións técnicas así como polo incumprimento das condicións da súa oferta.

A Administración estará facultada para proceder á resolución do contrato polas causas sinaladas no parágrafo anterior e cos efectos previstos nos artigos 224 e 225 do TRLCSP.

Os efectos do artigo 223.f), consideranse **obrigas contractuais esenciais** cuio incumprimento poderá dar lugar á resolución do contrato as obrigas e condicións especiais sinaladas na cláusula **décimo séptima** deste prego. Asimesmo poderá dar lugar á resolución do contrato a reiterada obstrucción ou falla de colaboración para facer efectivas as facultades de dirección, inspección e supervisión da obra recoñecidas a esta Administración previamente advertidas por escrito.

Tamén será causa de extinción do contrato sen indemnización a revogación da autorización por parte da autoridade laboral competente no ámbito de actuación deste contrato.

Para os efectos de resolución do contrato incoarase un procedemento contradictorio no que se lle outorgue audiencia ó contratista para os efectos de formulación de alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente en defensa dos seus dereitos.


A resolución do contrato por incumprimento culpable do contratista implicará a incautación da garantía definitiva sen perxuízo da indemnización, se é o caso, polos danos e perxuízos causados no que exceda do importe da garantía definitiva.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- RÉXIME DE RECURSOS

Contra os actos que se relacionan no artigo 310.2 da LCSP relativos a contratos que non sexan susceptibles de recurso especial en materia de contratación por non atoparse nos supostos descritos no artigo 310, e de conformidade co establecido

Código Seguro de verificación:RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	02/07/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==	PÁGINA 20/34


RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==

nos artigos 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro, caberá a interposición do recurso potestativo de reposición, no prazo de un mes, contado a partir do seguinte ó da notificación ou publicación do acto ante a Xunta de Goberno Local, ou ser impugnados directamente ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo.

A N E X O

DATOS:

EMPRESA:			
ENDEREZO:			
LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
PERSOA DE CONTACTO:			
TELÉFONO:		FAX.:	

MODALIDADE DE ACTIVIDADE PREVENTIVA

1º <input type="checkbox"/> CONCERTO CON SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO OU MUTUA			
NOME:			
ENDEREZO:			
LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
PERSOA DE CONTACTO:			
TELÉFONO:		FAX:	
ESPECIALIDADES CONTRATADAS:			
PERÍODO DE VIXENCIA DO CONCERTO:			

* XUNTAR O CERTIFICADO DE QUE REALIZOUSE A AVALIACIÓN E O PLAN DE ACCIÓN ASÍ COMO A INFORMACIÓN E FORMACIÓN DOS TRABALLADORES.

2º **COMO MEMBRO DO SERVIZO MANCOMUNADO**

* Xuntar a acta de Constitución.

Código Seguro de verificación:RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	02/07/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==	PÁGINA 21/34



RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==

3º **TRABALLADOR DESIGNADO**

Nome e Apelidos:

Cargo:

NOME EMPRESARIO:

SELO DA EMPRESA

D.N.I.:

FIRMA:

DATA:

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE VIXENCIA DOS DATOS ANOTADOS NO REGISTRO DE LICITADORES DE PRESENTACIÓN OBRIGATORIA XUNTO COA CERTIFICACIÓN DE INSCRIPCIÓN REXISTRAL

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., inscrita no Rexistro de Licitadores co n.º, en calidade de, co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO NAS ESPECIALIDADES TÉCNICAS: SEGURIDADE NO TRABALLO, HIXIENE INDUSTRIAL, ERGONOMÍA E PSICOSOCIOLOXÍA APLICADA, ASI COMO DA VIXILANCIA DA SAÚDE** declaro baixo a miña **responsabilidade:**

1º.- Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores (indicar cal é o rexistro) non foron alterados en ningunha das súas circunstancias e que se corresponden coa certificación do Rexistro que se achega a esta declaración.

Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores referentes a:

1.
2.
3.

sufriron alteración segundo se acredita mediante os documentos que se achegan a esta declaración e que estas circunstancias foron comunicadas ó Rexistro con data, mantendose o resto dos datos sen alteración algunha respecto do contido da certificación do Rexistro

2º.- Que a empresa que represento atópase ó corrente coas obrigas tributarias co Excmo. Concello de Lugo.

En, a de de 2014


Asdo:

ANEXO III

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., en calidade de, co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN DO SERVIZO**

Código Seguro de verificación:RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	02/07/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==	PÁGINA 22/34
			
RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==			

DE PREVENCIÓN ALLEO NAS ESPECIALIDADES TÉCNICAS: SEGURIDADE NO TRABALLO, HIXIENE INDUSTRIAL, ERGONOMÍA E PSICOSOCIOLOXÍA APLICADA, ASI COMO DA VIXILANCIA DA SAÚDE declaro baixo a miña responsabilidade:

Que o asintante desta declaración como a compañía mercantil á que represento es os administradores e representantes da mesma teñen plena capacidade de obrar e non se atopan comprendidos en ningunha das causas de prohibición para contratar co Concello de Lugo, enumeradas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Que a empresa se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias (coa Administración do Estado, co Concello de Lugo, así como de alta no Imposto de Actividades Económicas, e ó corrente do seu pagamento, no seu caso), e coa Seguridade Social establecidas polas disposicións vixentes.

Todo elo sen prexuízo de que en caso de ser seleccionado a xustificación fehaciente de tales requisitos se presentará antes da adxudicación no prazo concedido para esto.

Asimismo, declara que non está incurso en ningunha das causas ás que se refiren a Lei 12/1995, do 11 de maio, a Lei 9/1996, do 18 de outubro, sobre incompatibilidades de altos cargos, ley 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflitos de interés dos membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, a lei 5/1985, do 19 dexuño, de Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos nas mesmas, ou en calquera outra norma de aplicación na materia.

En último termo, declara que coñece o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o de Prescricións Técnicas que serven de base ao presente procedemento de contratación, e que os acepta total e incondicionalmente, así como que é coñecedor das responsabilidades nas que incorrería no caso de falsedade do anteriormente manifestado.

Asimesmo **autorizo** ó organo de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.


..... de..... de.....
 (Lugar, data e sinatura do licitador)"

b) PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DUN SERVICIO DE PREVENCIÓN ALLEO NAS ESPECIALIDADES TÉCNICAS: SEGURIDADE NO TRABALLO, HIXIENE INDUSTRIAL, ERGONOMÍA E PSICOSOCIOLOXÍA APLICADA, ASI COMO DA VIXILANCIA DA SAÚDE.

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do contrato enmárcase dentro da actividade preventiva, recollida na lei 31/1995 , de 8 de novembro de Prevención de Riscos laborais, e no Regulamento dos Servicios de Prevención, aprobado por R.D. 39/1997 de 17 de xaneiro e os posteriores que o modifican, especialmente o R.D. 688/2005 do 10 de xuño, onde o



Código Seguro de verificación:RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.			
FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	02/07/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==	PÁGINA 23/34
 RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==			

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 14x320240480

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 25-6-2014

Servicio de Prevención alleo (SPA) asumirá as responsabilidades nas especialidades de Seguridade no Traballo e Vixilancia da Saúde e colaborará co Servicio de Prevención Propio (SPP) do Concello de Lugo nas especialidades de Hixiene Industrial, Ergonomía e Psicosocioloxía Aplicada, sendo as actividades a desenrolar segundo as especialidades as seguintes:


1. Seguridade no Traballo. Hixiene Industrial . Ergonomía e Psicosocioloxía Aplicada.

- 1.1. A avaliación dos riscos, dos factores de risco e a súa planificación en todas as especialidades.
- 1.2. O deseño, aplicación e coordinación dos planes e programas da actuación preventiva.
- 1.3. Seguimento e control da acción preventiva.
- 1.4. Determinación de prioridades e controis de eficacia.
- 1.5. Redacción e entrega das fichas dos riscos para os diferentes postos de traballo, e a transmisión a os traballadores do contido de ditas fichas.
- 1.6. Implantación dun Plan de Formación sobre riscos específicos dos distintos postos de traballo do Concello. A desenrolar para o Concello de Lugo exclusivamente.
- 1.7. Cursos específicos:
 - + Curso Nivel básico de prevención 30 h.
 - + Curso Nivel básico de prevención 50 h.
 - + Formación para os Recursos Preventivos.

Todos eles a desenrolar para os traballadores do Concello exclusivamente.

- 1.8. Investigación e análise de accidente. Para todos os accidentes con baixa de carácter grave.
Incluindo os estudos de siniestrabilidade. Estatísticas trimestral e anual sobre accidentes de traballo (absentismo laboral).
- 1.9. Realización de informes técnicos e procedementos para desenrolar no Concello de Lugo referido a :
 - + Contratos e subcontratas.
 - + Todo aquilo que sexa necesario un informe de carácter técnico.
- 1.10. Elaboración de documentación como memorias anuais, redacción de procedementos de traballo etc..
- 1.11. Asesoramento sobre equipos de protección persoal, protección de maquinarias etc..
- 1.12. Medicións específicas (ruído, físicas , químicas , ergonómicas etc....) nos centros que foran necesarias e outras como luxes e índice de humidade en todos os centros.
- 1.13. Investigación e avaliación de enfermidades profesionais de erixen hixiénicos.
- 1.14. Estudos específicos de ergonomía referentes a :
 - + Carga física
 - + Deseño de tarefas e postos de traballo

Código Seguro de verificación:RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	02/07/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==	PÁGINA 24/34
			
RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==			

+ Traballo repetitivo.

- 1.15. Estudio específico en psicoloxía do traballo necesario para a valoración concreta e axustada dos riscos da avaliación en:
 - +Carga mental
 - + Deseño organizacional de tarefas e postos de traballo.
- 1.16. Asesoramento no Comité de Seguridade e Saúde, incluída a presenza física dos técnicos nas reunións.
- 1.17. Por a disposición do Concello de Lugo documentación básica , lexislación, folletos, manuais, carteis, trípticos divulgativos etc.....
- 1.18. Elaboración e implantación e formación dos plans de emerxencia específica para centros de Concello de Lugo e o seu persoal que así o requiran. Así como a realización dos planos das instalacións que carezan de eles. No momento actual nosas instalación teñen plan de autoprotección faltando a implantación e o Simulacro e algún plano . Cando se inaugure algún centro haberá que realizar o Manual de autoprotección completo.

Todos estes traballos realizaranse, salvo indicación en contra, cunha periodicidade anuais, se ben cando os planes e informes xa están elaborados para determinados centros de traballo, a labor anual serán os traballos complementarios para manter permanentemente actualizados ditos planes e informes. Estes planes deben incluír novas instalacións ou centros de traballo postos en funcionamento polo concello durante o período de vixencia do contrato, se chegase a darse dita circunstancia. Así mesmo o Concello poderá solicitar motivadamente a emisións dos informes técnicos específicos en calquera momento durante a vixencia do contrato.

2. Vixilancia da Saúde.

A realización da Vixilancia da Saúde se realizará segundo a lexislación de aplicación en vigor, en concreto artigo 22 da Lei 31/95 de 8 de novembro de Prevención de Riscos Laborais e artigos, 18,19,20, do R.D. 39/97, do 17 de xaneiro, e o regulamento dos Servicios de Prevención.

Diferenciando entre actividades colectivas e actuacións individuais:

a) Actividades colectivas.

A.1. Análise e Programación da Actuación Sanitaria:

1. Análise do Estado de Saúde.
2. Análise de riscos para a saúde

Incluindo a determinación de postos con recoñecemento obrigatorio para a súa consulta cos traballadores e os seus representantes segundo os artigos 22 e 33 da LPRL, traballadores que teñen obriga de realizarse o recoñecemento médico.

3. Visita se fora necesario aos centros de traballo do Concello.
4. Planificación das intervencións a realizar.

A.2. Información e Documentación

1. Análise epidemiolóxico dos resultados obtidos.

Código Seguro de verificación:RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	02/07/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==	PÁGINA 25/34



RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 14x320240480

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 25-6-2014

2. Plan de necesidades de formación e información en materia de medicina do traballo aos traballadores.

3. Formación / información aos traballadores en materia de Saúde.

4. Informe de Medidas Preventivas recomendadas.

5. Documentación:

+ Programa específico de Vixilancia da saúde.

+ Informe de postos con recoñecementos médicos

obrigatorios.

+ Resultados da Vixilancia Específica.

+Análise Epidemiolóxico.

+ Informe sobre medidas preventivas.

+ Memoria anual

b) Actuacións individuais.

B.1. Programación e realización de exames da saúde, tanto obrigatorios como voluntarios.

a. Contido:

Xeneral:

- Antecedentes laborais

- Antecedentes e hábitos persoais

- Datos antropométricos

- Tensión arterial

- Exploración física completa por órganos e aparatos.

Específico:

- Encosta de riscos

- Descrición das tarefas do posto, exposición a riscos, medidas preventivas e uso de EPIS

- Exploracións específicas segundo protocolos.

- Analíticas

- Probas complementarias , en función dos riscos e exploración realizadas, con informe médico individual.

b. Tipos :

- De incorporación dun novo traballador ao traballo. (recoñecementos iniciais).

- Asignación dun traballador a unha nova tarefa con novos riscos.

- Tras unha ausencia de larga duración dun traballador por motivos de saúde.

- Traballadores en situación de embarazo ou parto recente.


- Traballadores especialmente sensibles.

- Traballadores menores.

- Recoñecementos Periódicos, que no Concello de Lugo serán con unha periodicidade dun ano.

c. Periodicidade :

Código Seguro de verificación:RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	02/07/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==	PÁGINA 26/34
			
RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==			

O servizo Médico debe determinar segundo sexan os riscos dos postos de traballo cal debería ser a periodicidade, sendo tamén aplicable a nivel persoal en función dos estudos ou resultados obtidos.

B.2. Información sobre resultados:

- Individuais ao traballador.
- Ao Concello, o Apto / non Apto/ Apto con limitacións.

Cando sexa o apto con limitación deberá de especificar con concreción as limitación en que grado son para poder efectuar as labores propias do posto de traballo, así como especificar as que si pode realizar.

3. Persoal do Contratista.

3.1. A Sociedade o Entidade contratada disporá en todo momento do persoal preciso, e adecuado, para a execución dos servizos ó seu cargo en virtude da presente adxudicación, no termos contractuais e os legalmente establecidos e coa máxima calidade esixible. Particularmente, garantiraa:

- a) A cobertura en todo momento dos postos de traballo e as súas correspondentes funcións, que ofertarase dentro da súa proposición presentada o concurso. En consecuencia, o adxudicatario efectuará o seu cargo e inmediatamente as substitucións precisas do persoal que teña asignado ó servizo por calquera causa que se produzan, de forma que a execución do contrato quede sempre asegurada. Por outro lado, en caso de que o persoal ofertado demostrase insuficiente para o cumprimento das prestacións obxecto do contrato, o adxudicatario deberá aumentalo en número suficiente para dar a atención debida ó servizo, sendo a seu cargo o incremento de custes que se produzan por tal causa.
- b) A categoría, formación e experiencia e aptitude profesional do persoal que teña asignado o contrato será dacordo coa a súa responsabilidade no desenrolo das súas funcións.

A incapacidade demostrada da algún técnico poderá xustificar o requirimento da súa substitución, por parte do órgano de contratación.

3.2. O persoal asignado ó contrato dependerá exclusivamente da empresa adxudicataria, a cal terá todos os dereitos e deberes inherentes a súa calidade de empregador respecto do mesmo, sendo o Concello de Lugo de todo alleo a ditas relacións laborais.


3.3. A relación de recursos humanos na oferta técnica será como mínimo a seguinte:

- 2 técnicos superiores de Seguridade no traballo
- 2 técnicos superiores en Hixiene Industrial
- 1 técnico superior en Ergonomía e Psicosocioloxía

Na oferta da Vixilancia da Saúde terá como mínimo:

- 1 especialista en medicina do traballo adscritos a un centro do Concello de Lugo.
 - 2 especialistas DUE de empresa adscritos a un centro de Concello de Lugo
- Centro propio e acreditado para a vixilancia da saúde que terá como mínimo un no Concello de Lugo

Código Seguro de verificación:RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	02/07/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==	PÁGINA 27/34
 RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==			

Deberán acreditar os recursos humanos que se destinarán para as actividades formativas e de promoción da saúde.

Por todo o dito, deberase garantir que o persoal destinado para cubrir o obxecto do contrato debe así cubrir unha plantilla que a título meramente informativo e non limitado ascenden aproximadamente de 790 traballadores.

Os recoñecementos de novo ingreso, venderán reflectidos de forma extraordinaria, quedando así mesmo garantida a súa cobertura.

SEGUNDA. CAMPO DE APLICACIÓN

Todo o persoal do Concello de Lugo, persoal funcionario de carreira, interino ou eventual, cargos públicos da Corporación con dedicación exclusiva ou parcial, así como ao persoal laboral e contratados a través de convenios, escolas taller, casas de oficios e supostos semellante. O sexa todos aqueles incluídos no cadro de persoal do Concello de Lugo. Actualmente sobre 790 traballadores.

Todos os centros e instalacións municipais así como todos aqueles que a través do desenrolo do contrato podan ser inaugurados.


(Se adxunta o cadro de instalacións ou centros municipais)

EDIFICIOS MUNICIPAIS:

CENTROS SOCIAIS:

CENTRO	DIRECCIÓN	TELÉFONO
CENTRO DE CONVIVENCIA UXÍO NOVONEYRA	R/ Quiroga Ballesteros, 1ª, 2º Andar	982 284 726
CENTRO DE CONVIVENCIA SAGRADO CORAZÓN-MINORIAS ÉTNICAS	R/ Sagrado Corazón, 27 29	982 221 559 982 280 325
CENTRO DE CONVIVEN A MILAGROSA	R/ Monte Faro, 10- Parque da Milagrosa	982 206 337
UNIDADE DE TRABALLO SOAL AQUILINO IGLESIAS ALVARIÑO	R/ Aquilino Iglesia Alvariño,6 baixo	982 210 250
-----	-----	---
CENTRO INFORMATIVO O CASTIÑEIRO	---- R/Lamas de Prado Praza do Castiñeiro	982 263 001
CENTRO DE CONVIVENCIA FINGOI	R/ Aviación Española, 22-24	982 251 536 982 280 187
FOGAR DO TRANSEUNTE	R/ Deputación, s/n	982218492
CENTRO DE CONVIVENCIA TRAPERRO PARDO	R/ Traperro Pardo	982 265 440
ATENCIÓN Á MULLER E PISOS DE ACOLLIDA	Parque da Milagrosa, 212	982 206 337
CENTRO DE CONVIVENCIA	Carril das Hortas, s/n	982297505

Código Seguro de verificación:RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.


FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	02/07/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==	PÁGINA 28/34
 RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==			

MARUJA MALLO- CENTRO DE DÍA ANTONIO GANDÓY		
CENTRO DE CONVIVENCIA CASA DAS LINGUAS MARÍA BALTEIRA	Rúa Ángelo Colocci,nº 19 A	
CASA DAS LINGUAS ACEA DE OLGA	Estrada da Granxa,27-31 baixo	
CENTRO LEIRAS PULPEIRO		
VIVIENDA DOMÓTICA		
CASA CLARA CAMPOAMOR		
CENTRO DE CONVIVENCIA DÍAZ DE CASTO	Rúa Díaz de Castro	982216746
CENTROS DE DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL DE:		
COESES CALDE SAN XOÁN DO CAMPO SANTA MARÍA DE BÓVEDA SAN PEDRO DE MERA RUBIÁS SANTIAGO DE SAÁ SANTA COMBA.		

CENTROS DEPORTIVOS:

CENTRO	DIRECCIÓN	TELÉFONO
PISCINA FRIGSA		
PISTA TENIS, POLIDEPORTIVO E PAVILLÓN		
OFICINAS FRIGSA	Avda. Coruña, s/n - Frigsa	982206340 982241909
CAMPO DAS GÁNDARAS	Avd. das Gándaras, s/n	982253881
PAZO MUNICIPAL DE DEPORTES	R/ Santiago, s/n	982223930 982228389
POLIDEP. PIRINGALLA	R/ Angelo Colocci	982212876
POLIDEP. PALOMAR		982216600
PISCINAS AS PEDREIRAS	Avda. das Pedreiras, s/n	982241216
PISTA DE ATLETISMO	R/Armando Durán	982240330
PISTAS GREGORIO RIVERA		982241216
CAMPO DE FÚTBOL DA CHEDA		
CAMPO DE FÚTBOL EMILIO NÚÑEZ-TORRÓN		
CAMPO DE FÚTBOL DO POLVORÍN		

Código Seguro de verificación:RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	02/07/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==	PÁGINA 29/34
			
RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==			

CAMPO DE FÚTBOL DE NADELA		
CAMPO DE FÚTBOL CEAO "MUNDIAL -82"		
CASA DO DEPORTE	Avda. Duquesa de Lugo	

EDIFICIOS ADMINISTRATIVOS:

EDIFICIO	DIRECCIÓN	TELÉFONO
CASA CONSISTORIAL	Praza Maior, 1	982 297 100
EDIF. ADMINISTRATIVO (Seminario Menor)	R/ da Muralla, nº 197	982 297 272
EDIF. DA CÁRCEL	Plaz. Constitución s/n	982 297 110 982 297 125
EDIFICIO POLICÍA LOCAL		
CEI- NODUS- BOMBEROS	Antigüo Cuartel de Garabolos	


CULTURA:

EDIFICIO	DIRECCIÓN	TELÉFONO
PORTA MIÑÁ		
AUDITORIUM	Avda. Coruña- Frigsa	
BIBLIOTECA MUNICIPAL	Frigsa	
CASA DA MÚSICA	Frigsa	
CASA DOS MOSAICOS		
MUSEO SAN ROQUE		
MIHL	Avda. Duquesa de Lugo	
CENTRO DE INTERPRETACIÓN		
A DOMUS DE MITREO		
CASA DA XUVENTUDE		

BRIGADAS

EDIFICIO	DIRECCIÓN	TELÉFONO
E.T.A.P.	Distriz s/n -Meilán	982211933
DEPÓSITOS	Piringalla	982211933
SANEAMENTO	Nave -Frigsa	982206342
TALLER DE AUGA	Nave -Frigsa	982211993
ELÉCTRICOS ZONA RURAL		
ELECTROMECAÑICOS	Nave -Frigsa	982206343
ZONA RURAL	Nave- Frigsa	
VÍAS E OBRAS	Nave-Frigsa	982206341
PARQUE MÓVIL	Nave-Frigsa	982206339
BOMBEIROS	Antigüo Cuartel de Garabolos	982210321
XARDÍNS	R/ Dr. García Portela	982211165

Código Seguro de verificación:RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	02/07/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==	PÁGINA 30/34
 RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==			

	Parque do Ceao Parque de Marcos Cela Parque do Miño Parque da Feira de Esposicións	
PRAZAS DE ABASTOS	Mercado.-Pz. Sto. Domingo Mercado de Frigsa- Parque Milagrosa	982241375
CEMITERIO	San Froilán, s/n	982284401


ESCOLAS INFANTILES:

EDIFICIO	DIRECCIÓN	TELÉFONO
SERRA DE OUTES	R/ Serra de Outes, s/n	982297312
GREGORIO SANZ	Av. Vilaverde, s/n	982297921
SAN FIZ	Parcela Sur K- San Fiz	982297440
PIRINGALLA	Rúa das Fontes, 29	982297442

COLEXIOS:


EDIFICIO	DIRECCIÓN	TELÉFONO
CEIP ALBEIROS	R/Garaballa de Arriba, 9	982 215 282
CEIP ANEXA	Av. Ramón Ferreiro,6	982223226
CEIP CASÁS	R/Orquídea, 63	982 212 700
CEIP ILLA VERDE	R/Roi Xordo,3	982 241 020
CEIP LUIS PIMENTEL	R/Sto. Grial, s/n	982 212 469
CEIP AS MERCEDES	R/ Camiño de Montirón, 28	982 223 910
CEIP MENÉNDEZ PELAYO	R/ Serra de Outes, s/n	982 202 080
CEIP MANUEL MALLO MALLO (NADELA)	Campo da Feira, s/n	982 304 196
CEIP PARADAI	R/ Alexandre Bóveda, s/n	982 229 223
CEIP A PONTE	Paseo Alvaro Cunqueiro, s/n	982 221 215
CEIP SAGRADO CORAZÓN	Polg. Sagrado Corazón, s/n	982 222 974
CEIP VIRXEN DA SOIDADE (AS GÁNDARAS)	R/ Virxen da Soidade, s/n	982 222 136
EEI FINGOI, 2	Tr. Rúa Erín, s/n	982 241 771
CEI QUIROGA BALLESTEROS	R/ Bolaño Ribadeneira,4	982 242 719
CEIP ROSALIA DE CASTRO	R/ Cambria, s/n	982 221 840
ESCUELA UNITARIA MIXTA	Castelo	
ESCUELA PARAJE	San Pedro de Labio	
ESCUELA PAR:ABUIN	San Vicente de Pedreda	
ESCUELA PAR:VILANOVA	Sta. Eulalia de Bóveda	

Código Seguro de verificación:RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	02/07/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==	PÁGINA 31/34
 RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==			

ESCUELA PAR: OUTEIRO	San Pedro de Romean	
ESCUELA PAR: BURGO	San Vicente de Burgo	
ESCUELA PAR: CASTRO	Sta. María de Bóveda	
ESCUELA PAR: VILAMAIOR	Sta. Mª Magdalena de Adai	
ESCUELA PAR: CRTA. QUINTELA	San Vicente de Coeo	
ESCUELA PAR: BAGUEIXOS	San Xoan de Tirimol	
ESCUELA PAR: TEIXEIRO	Sta. María Teixeira	
ESCUELA PAR: REBORDAOS	San Vicente del Veral	
ESCUELA PAR: RAÑA	Santiago de Saa	
ESCUELA PAR: MARCOI	Sta. María Alta	
LOCAL ASOC. VECINOS	Piugos- Pena	
ESCUELA PAR: VILACHA MERA	San Xulian de Vilacha de Mera	
ESCUELA PAR: BELESAR AGRO	San Xoan do Campo	
ESCUELA PAR: VILAESTEVEZ	San Xoan do Alto	
ESCUELA PAR: FAZAY	San Martiño de Carballido	
ESCUELA PAR: AIREXE	San Estebo Benade	
ESCUELA PAR: BOCAMAOS	San Xulian de Bocamaos	
ESCUELA PAR: CORRAL ARRIBA	San Pedro de Cálde	
ESCUELA PAR: ARGONDE	San Xoan do Campo	
ESCUELA PAR: PORTANOVA	Mª Magdalena de Coeses	
ESCUELA PAR: CABO VILA	Sta. Eulalia de Cuiña	
ESCUELA PAR: CEIDE	San Salvador de Outeiro	
ESCUELA PAR: S.VICENTE	San Vicente de Pías	
ESCUELA PARAJE: S. PEDRO DE ABAIXO	San Pedro de Mera	
ESCUELA PAR: UCEIRA	San Martiño de Poutomillos	
ESCUELA PAR: VILACHA	San Mame de Rivas de Miño	
ESCUELA PAR: TEDIN	Sta. Cristina- San Román	
ESCUELA PAR: VILA ARRIBA	San Xulian de Rubias	
ESCUELA PAR: CARRETERA	Sta. María de Bascuas	

Código Seguro de verificación:RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	02/07/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==	PÁGINA 32/34
 RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==			

ESCUELA PAR: BAZAR	San Remixio de Bazar	
ESCUELA PAR: BOSENDE	San Pedro Felix de Muxa	
ESCUELA PAR: STª. ENGRACIA	San Pedro- Sta. Comba	
ESCUELA PAR: CABANAS	San Pedro- Sta. Comba	
CENTRO E.G.B.-ANXELES	San Mame -Nadela	
ESCUELA PAR: BARBAIN	Sta. María de Bóveda	

TERCEIRO. PREZO DO CONTRATO POR ANO

- PREZO MÁXIMO SERVIZO DE PREVENCIÓN PARTE TÉCNICA:
15.000 €
Aboado contra facturas mensuais ,neste caso 12 meses.
 - PREZO MÁXIMO PLANS DE EMERXENCIA E EVACUACIÓN , MANUAL DE AUTOPROTECCIÓN.
7.000 €
Aboado contra facturas mensuais , neste caso 12 meses.
- Total parte Técnica:**
15.000 € + 7.000 € = **22.000 €** (IVE INCLUÍDO)

- PREZO MÁXIMO VIXILANCIA DA SAÚDE:

A. Primeiros Auxilios e campañas epidemiolóxicas. (711 traballadores)
Con un prezo máximo de 17 € polo que sería un prezo total de 12.087 € / ano.
Aboado contra facturas mensuais, neste caso 12 meses.

Este prezo será sempre o mesmo aumente ou descenda o número de traballadores do Concello.

B. Revisións Xerais, e aplicacións de protocolos específicos a un prezo de 23 € por traballador revisado.

Tomando como referencia as solicitudes de anos pasados se calcula que poderán ser 500 traballadores os que a soliciten, polo que o gasto estimado sería 11.500 € / ano.

C. Recoñecementos prelaborais:

Calculando como posibles 100 novos ingresos ó ano. A un prezo de 37 € por traballador ascende a un gasto estimado de 3.700 € / ano

Prezo máximo en vixilancia da saúde será:

12.087 € + 11.500 € + +3.700 € = 27.287 € / ano

Redondeando cifras **27.300 € / ano** (EXENTO DE IVE)

Aboado en facturas mensuais e segundo os recoñecementos efectuados.

PT. 22.000 + VS. 27.300 = **49.300 €**

CUARTO. DURACIÓN DO CONTRATO

A duración do contrato será de dous anos iniciais, podendo ser obxecto de prórrogas anuais ata un máximo de dous anos.



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 14x320240480

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 25-6-2014

A totalidade das prestacións obxecto do contrato sexan as relativas as tarefas nas que o adxudicatario actúe como servizo de prevención alleo, ou ben como prestador de asistencia técnica, haberá de axustarse estrictamente á regulación contida na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, no regulamento de servizos de prevención, así como na Lei 54/2003 do 12 de Decembro, e demais normativa vixente en materia de prevención de riscos laborais."


TERCEIRO.- Aprobar o gasto de 49.300 euros con cargo á aplicación 92009.22799 do vixente orzamento xeral (RC 24140/14) e comprometerse a incluír nos vindeiros orzamentos a cantidade restante ata o remate do contrato e no caso de prórroga.

CUARTO.- Aprobar a adxudicación por procedemento aberto, de acordo co disposto nos artigos 138,157 e seguintes do TRLCSP.

QUINTO.- Publicar o anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello de Lugo.

E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a Acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde do Excmo. Sr. Alcalde, don José Clemente López Orozco, coa súa sinatura e a da Ilma. Sra. Dona María del Carmen Basadre Vázquez, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Secretaria da Xunta de Goberno Local.

Código Seguro de verificación:RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	02/07/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==	PÁGINA 34/34
			
RAWeosIsoBTrDsDeeCCFjQ==			